



Unión Europea

# AESS 2020

• A ESTRADA SOCIAL E SOSTIBLE 2020

**BASES DA CONVOCATORIA  
DE PRESENTACIÓN  
DE EXPRESIÓNS DE INTERESE  
AESS2020 – A ESTRADA SOCIAL E  
SOSTIBLE 2020**

*Unha maneira de facer Europa*  
Fondo Europeo  
de Desenvolvemento Rexional (FEDER)



## ÍNDICE

1.	ANTEDECENTES.....	3
2.	OBXECTIVO DAS BASES.....	4
3.	DOTACIÓN ORZAMENTARIA .....	5
4.	CRITERIOS DE SELECCIÓN E PRIORIZACIÓN DE OPERACIÓNS.....	5
5.	BENEFICIARIOS DA CONVOCATORIA DE EXPRESIÓNS DE INTERESE .....	6
6.	PRAZO DA CONVOCATORIA DE EXPRESIÓNS DE INTERESE .....	6
7.	SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN E XESTIÓN DA CONVOCATORIA DE EXPRESIÓNS DE INTERESE.....	7
8.	CONDICIÓNS DE ELEXIBILIDADE PARA OS GASTOS INCLUÍDOS NAS OPERACIÓNS SELECCIONADAS .....	8
9.	OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS EN MATERIA DE COMUNICACIÓN.....	9
10.	MODELO DE EXPRESIÓN DE INTERESE.....	10
11.	MANUAL DE SELECCIÓN DE OPERACIÓNS .....	10





## 1. ANTECEDENTES

O artigo 7 do Regulamento (UE) Nº 1301/2013 de Disposicións Específicas do FEDER, indica que ó longo do período de programación 2014-2020 polo menos un 5 % dos recursos deste fondo deberá ser destinado a financiar medidas integradas para o Desenvolvemento Urbano Sustentable. De acordo con esta condición, e tendo en conta a importancia do desenvolvemento urbano sustentable e a contribución das cidades aos obxectivos da Estratexia “Europa 2020” para un crecemento intelixente, sustentable e integrador na Unión Europea, neste período as cidades e áreas urbanas españolas teñen a oportunidade de recibir financiamento para o desenvolvemento das súas Estratexias de Desenvolvemento Urbano Sustentable e Integrado (EDUSI) no marco do Acordo de Asociación de España 2014-2020, aprobado pola Comisión Europea con data 30 de outubro de 2014 e do Eixo Urbano dentro do Programa Operativo de Crecemento Sustentable (POCS) 2014-2020 de FEDER.

Segundo o disposto no POCS aprobado, o Eixo Urbano (Eixo 12) está dotado con máis de mil millóns de euros de axuda FEDER e a asignación destes recursos debe realizarse a través de convocatorias abertas, a través das cales se seleccionarán aquelas Estratexias DUSI que poderán ser obxecto de financiamento ao longo do período.

En devandita liña, con data 17 de novembro de 2015 publicouse no BOE a Orde HAP/2427/2015, de 13 de novembro, pola que se aprobaban as bases e a primeira convocatoria para a selección de Estratexias de Desenvolvemento Urbano Sustentable e Integrado que serán cofinanciadas mediante o programa operativo FEDER de crecemento sustentable 2014-2020. O importe total da convocatoria foi de 730, 917 millóns de euros.

Estas Estratexias debían contemplar os cinco retos seguintes: económicos, ambientais, climáticos, demográficos e sociais, de acordo co disposto no artigo 7.1 do Regulamento FEDER, para favorecer o desenvolvemento urbano sustentable, de acordo aos principios e orientacións estratéxicas dos Fondos EIE.

As Estratexias constituirán o marco para a posterior selección por parte das Entidades beneficiarias das operacións a desenvolver na cidade ou área funcional definida en cada caso, as cales serán cofinanciadas mediante as axudas concedidas na convocatoria.

En data 3 de outubro de 2016 publicouse no BOE a Resolución de 29 de setembro de 2016, da Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos, pola que se concedían axudas da primeira convocatoria para a selección de Estratexias de Desenvolvemento Urbano Sustentable e Integrado que serán cofinanciados mediante o POCS FEDER 2014-2020 convocadas por Orde HAP/2427/2015, de 13 de novembro.

Con data 14 de decembro de 2016, publicouse no BOE a resolución definitiva de 12 de decembro de 2016, da Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos, pola que se resolve definitivamente a primeira convocatoria para a selección de Estratexias de Desenvolvemento Urbano Sustentable e Integrado que serán cofinanciados mediante o POCS FEDER 2014-2020 efectuada por Orde HAP/2427/2015, de 13 de novembro, resultando seleccionada a Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sustentable Integrada formulada polo Concello da Estrada, chamada **A Estrada Social e Sustentable 2020 (AESS2020)**, cunha axuda de 5.000.000 euros, que permitirá a posta en marcha de actuacións de rexeneración urbana mediante un enfoque integrado que contempla aspectos económicos, ambientais, climáticos, demográficos e sociais.





Así o **Concello de A Estrada** como entidade beneficiaria da EDUSI **A Estrada Social e Sustentable 2020 (AESS2020)**, seleccionará as operacións que se integrarán dentro das distintas liñas de actuación da estratexia, actuando como Organismo Intermedio Lixeiro (OIL).

No desenvolvemento das atribucións asignadas á Entidade DUSI como Organismo Intermedio Lixeiro das axudas do POCS do FEDER, o **Concello de A Estrada** elaborou un Manual co obxecto de recoller os Procedementos establecidos para a realización das funcións delegadas pola Autoridade de Xestión no referente ás Actuacións cofinanciadas polo POCS FEDER no período de programación 2014 – 2020 dentro da súa Estratexia DUSI **“A Estrada Social e Sustentable 2020 (AESS2020)”**.

Este manual é destinado a todos os axentes do Concello que interveñen na xestión dos Fondos FEDER da EDUSI, e é de obrigado cumprimento para os compoñentes da Unidade de Xestión (UG) encargada das funcións delegadas pola Autoridade de Xestión (Selección de Operacións. O manual de selección de operacións pode consultarse na web do proxecto: <http://aess2020.gal/>

## 2. OBXECTIVO DAS BASES

O obxectivo da convocatoria é a apertura dun prazo para a proposición e selección das operacións propostas que traten os cinco retos urbanos (económicos, ambientais, climáticos, demográficos e sociais) que afectan ás zonas urbanas e promoven vínculos entre o ámbito urbano e o rural, de acordo co artigo 7 do Regulamento (UE) nº 1301/2013, de 17 de decembro de 2013 do FEDER

O Pleno da Corporación, na sesión celebrada o 11 de xaneiro de 2015 aprobou o documento de **“Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado (EDUSI) “A Estrada Social e Sostible 2020” (AESS2020)** redactado para definir una estratexia integrada de cidade de carácter flexible totalmente adaptada a realidade territorial e a la estrutura institucional e de gobernanza de A Estrada.

A Estrada Social e Sostible 2020 persegue un desenvolvemento integral da Estrada ao redor de 4 eixos principais:

- A Estrada Intelixente (promoción das TIC)
- A Estrada Eficiente (mobilidade sustentable e eficiencia enerxética)
- A Estrada Verde (medio ambiente)
- A Estrada para Todos (atención a colectivos desfavorecidos)

No Plan de Implementación de AESS2020 definíronse **trece Liñas de Actuación**:

- A01.- Smart Village A Estrada.
- A02.- Modernización da Administración a través do TIC.
- A03.- Mobilidade Urbana Sustentable.
- A04.- Mellora da Eficiencia Enerxética da Administración Pública.
- A05.- Humanización e mellora da Contorna Urbana.





- A06.- Promoción do Turismo Verde.
- A07.- Programa barrios limpos e responsables.
- A08.- Mellora da mobilidade de colectivos rurais desfavorecidos.
- A09.- Habilitación de Edificios Públicos para Colectivos Sociais Desfavorecidos.
- A10.- Deseño e desenvolvemento de programas de formación e tutorización para colectivos vulnerables.
- A11.- Rehabilitación social, cultural e económica de barrios desfavorecidos.
- A12.- Revivamos o Rural.
- A13.- A estrada móvese.

## 3. DOTACIÓN ORZAMENTARIA

As contías de orzamento asignados, son as seguintes para cada unha das liñas de actuación:

PREVISIÓN SENDA FINANCIERA	VOLUMEN TOTAL DE GASTO FINANCIADO (A)	AYUDA FEDER ASIGNADA: (A) * (tasa de cofinanciación)
EJE12 - OE2.3.3	900.000,00 €	720.000,00 €
LA01 - Desenvolvemento de sistemas e servizos de Smart Village	600.000,00 €	480.000,00 €
LA02 - Modernización da administración a través das TIC	300.000,00 €	240.000,00 €
EJE12 - OE4.5.1	700.000,00 €	560.000,00 €
LA03 - Iniciativas de impulso da mobilidade urbana sostible	700.000,00 €	560.000,00 €
EJE12 - OE4.5.3	800.000,00 €	640.000,00 €
LA04 - Mellora da eficiencia enerxética de infraestruturas públicas	800.000,00 €	640.000,00 €
EJE12 - OE6.3.4	500.000,00 €	400.000,00 €
LA06 - Promoción do turismo verde	500.000,00 €	400.000,00 €
EJE12 - OE6.5.2	1.100.000,00 €	880.000,00 €
LA05 - Humanización e mellora do entorno urbán	1.000.000,00 €	800.000,00 €
LA07 - Programa barrios limpos e responsables	100.000,00 €	80.000,00 €
EJE12 - OE9.8.2	2.000.000,00 €	1.600.000,00 €
LA08 - A Estrada móvese	300.000,00 €	240.000,00 €
LA09 - Deseño e desenvolvemento de programas de formación e titorización para colectivos vulnerables	100.000,00 €	80.000,00 €
LA10 - Habilitación de edificios públicos en desuso para colectivos sociais desfavorecidos	150.000,00 €	120.000,00 €
LA11 - Rehabilitación social, cultural e económica de barrios desfavorecidos	900.000,00 €	720.000,00 €
LA12 - Rehabilitación social, cultural e económica de barrios desfavorecidos	150.000,00 €	120.000,00 €
LA13 - Revivamos o rural	400.000,00 €	320.000,00 €
EJE13 AT - OE99.99.1.1 Gestión	235.000,00 €	188.000,00 €
EJE13 AT - OE99.99.2.1 Comunicación	15.000,00 €	12.000,00 €
<b>TOTAL de la Estrategia</b>	<b>6.250.000,00 €</b>	<b>5.000.000,00 €</b>
	100,00%	80,00%

## 4. CRITERIOS DE SELECCIÓN E PRIORIZACIÓN DE OPERACIÓNS

Os Criterios de Selección agrúpanse en Xerais (aqueles aplicables a toda operación proposta con independencia do Obxectivo Temático OT que se enmarque) e Específicos de cada OT (a aplicar só ás operacións enmarcadas nese OT). Para que unha operación enmarcada nun OT poida ser seleccionada, ha de cumprir ambos os criterios.

Os Criterios de Selección e Priorización de Operacións pode descargarse na páxina web do proxecto (<http://aess2020.gal/>).





## 5. BENEFICIARIOS DA CONVOCATORIA DE EXPRESIÓNS DE INTERESE

---

As Unidades Executoras (UUEE) serán as unidades responsables de iniciar ou iniciar e executar as operacións, polo que deberán remitir á Unidade de Xestión (UG) as expresións de interese para solicitar financiamento FEDER da EDUSI para operacións que queren levar a cabo.

As unidades que poderán emitir expresións de interese para iniciar ou iniciar e executar operacións no seno da EDUSI serán as diferentes áreas de goberno.

Ademais, estas Unidades executoras, como solicitantes das expresións de interese deberán acreditar a capacidade administrativa, financeira e operativa suficiente para o cumprimento das obrigas establecidas na presente Convocatoria de Expresións de Interese.

## 6. PRAZO DA CONVOCATORIA DE EXPRESIÓNS DE INTERESE

---

O prazo establecido para a presentación de solicitudes de expresións de interese por parte das Unidades Executoras iniciouse o 13 de outubro de 2017 e finalizará o 30 de decembro de 2021 ás 12:00 horas. Daranse como presentadas todas as solicitudes de expresións de interese recibidas en tempo e forma.

A presentación destas solicitudes de expresións de interese non supón a adquisición de compromisos concretos na execución da Estratexia DUSI **A Estrada Social e Sostible 2020**. En cumprimento do establecido no art. 65.6 do Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 17 de decembro de 2013, polo que entre outras se establecen disposicións comúns e xerais relativas ao FEDER, para cada operación precísase a presentación dunha solicitude de expresión de interese.

No caso de non recibir comunicación expresa dentro do prazo establecido, entenderase que as Unidades Executoras non están interesadas en participar nesta Estratexia DUSI **A Estrada Social e Sostible 2020**.

As solicitudes de expresións de interese presentadas polas diferentes Unidades Executoras serán publicadas na web do proxecto **A Estrada Social e Sostible 2020** (<http://aess2020.gal/>) ou no seu defecto, na carpeta compartida entre todos os órganos e recursos humanos do Concello de A Estrada susceptibles de participar na Estratexia.





## 7. SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN E XESTIÓN DA CONVOCATORIA DE EXPRESIÓNS DE INTERESE

Tal e como aparece recollido no Manual de Procedemento da Estratexia DUSI **A Estrada Social e Sostible 2020**, a selección das operacións para recibir cofinanciación europea efectuarase a través dunha solicitude de financiamento por parte do beneficiario (art. 65.6 do Regulamento Xeral (UE) 1303/2013), é dicir, das diferentes Unidades Executoras do **Concello de A Estrada** á Unidade de Xestión.

A Unidade de Xestión, será quen exerza as funcións propias de Organismo Intermedio Lixeiro (OIL) e leve a cabo a selección de operación.

As Unidades Executoras interesadas en participar nesta convocatoria de expresións de interese deberán presentar a súa solicitude á Unidade de Xestión, debendo achegar a seguinte documentación:

- Anexo I: Solicitude de participación na convocatoria de expresións de interese segundo o modelo incluído nas presentes bases ou dispoñible na web do proxecto: <http://aess2020.gal/>
- Anexo II: Acreditación da capacidade administrativa, operativa e financeira.
- Anexo IV: Documentación complementaria que se achega (memorias técnicas, pregos técnicos, proxectos, anteprojectos, resolución de organismos sectoriais, etc).

As solicitudes de participación na convocatoria de expresións de interese por parte das Unidades Executoras e todas as comunicacións, incluída a documentación, DECA, etc., realizadas entre a Unidade de Xestión e as Unidades Executoras relativas á xestión das solicitudes presentadas de participación na convocatoria de expresións de interese realizaranse a través do sistema de xestión documental GESTIONA do Concello de A Estrada e enviarase notificación das comunicacións á conta de correo electrónico da Unidade de Xestión: [unidad.gestion.edusi@aestrada.gal](mailto:unidad.gestion.edusi@aestrada.gal)

Unha vez recibida a solicitude de participación na convocatoria de expresións de interese, procederase á verificación da mesma e da documentación presentada. Entre os aspectos para revisar pola Unidade de Xestión incluíranse, entre outros, os seguintes:

- Revisión de que a expresión de interese está correctamente cumprimentada e leva asociada toda a información necesaria para a súa completa avaliación.
- Contraste da adecuación da operación aos Criterios de Selección e Priorización (CPSO).
- Que o solicitante é consciente de que se lle entregará e deberá aceptar un documento que establece as condicións da axuda por cada operación, incluíndo os requisitos específicos acerca dos produtos ou servizos que deben ser entregados baixo a operación, o plan financeiro, e o calendario de execución.
- Revisión de que a operación proposta entra no ámbito FEDER e pode atribuírse a unha categoría de intervencións.





- Que a Unidade Executora ten capacidade administrativa, financeira e operativa para cumprir as condicións relativas á axuda do fondo.
- Que se cumpre toda a normativa aplicable en operacións xa iniciadas.
- Que non inclúe actividades que formen parte de operacións que foron obxecto dun procedemento de recuperación.
- Que se determinan as categorías de intervención.

Unha vez analizada as expresións de interese pola Unidade de Xestión:

- En caso de non conformidade co procedemento establecido, procederase a dar un prazo para a subsanación das deficiencias atopadas. Aquelas solicitudes de participación na convocatoria de expresións de interese, nas que non fosen subsanadas as deficiencias comunicadas e/ou non cumpran os requisitos establecidos na presente convocatoria serán rexeitadas, o que será comunicado á Unidade Executora solicitante.
- Subsanadas as posibles deficiencias, a Unidade de Xestión emitirá un informe de selección ou rexeitamento da operación, á vista do cal o responsable da Unidade de Xestión con capacidade para adoptar resolucións administrativas ditará Resolución de Aprobación daquelas que resulten seleccionadas e do Documento que Estabrece as Condicións da Axuda (DECA).
- Unha vez aprobada mediante resolución a operación solicitada e o DECA, a Unidade de Xestión, notificará a citada aprobación a Unidade Executora e faralle entrega dos documentos.
- A Unidade Executora deberá acreditar a recepción e aceptación da resolución de aprobación da selección da operación e do DECA.

A formalización da selección da operación será efectiva no momento que a aprobación da operación e do DECA sexa notificado pola Unidade de Xestión a Unidade Executora, e aceptado por esta última. A partir deste momento, a Unidade de Xestión procedería a alta da operación en GALATEA para que o Organismo Intermedio de Xestión podan efectuar as pertinentes tarefas de comprobación para a admisibilidade da operación.

## 8. CONDICIÓN DE ELEXIBILIDADE PARA OS GASTOS INCLUÍDOS NAS OPERACIÓNS SELECCIONADAS

En cumprimento do establecido no art. 9 da Orde HAP/2427/2015, de 13 de novembro, pola que se aproban as bases e a primeira convocatoria para a selección de estratexias de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado que serán cofinanciadas mediante o Programa Operativo FEDER de Crecemento Sostible 2014-2020, para que os gastos das operacións propostas sexan considerados elixibles, deberán cumprir os seguintes requisitos:

1. Sexan conformes coa normativa local, autonómica, nacional e comunitaria aplicables, e en concreto, coa Orde HFP/1979/2016, do 29 de decembro, pola que se aproban as normas sobre os gastos subvencionables dos programas operativos do FEDER para o período 2014-2020.
2. Sexan reais e aboados con cargo á operación cofinanciada.







3. Foran realizados para o desenvolvemento das operacións aprobadas nas Liñas de Actuación para as que se concederan as axudas.
4. Sexan adecuados aos obxectivos e prioridades definidos na presente convocatoria.
5. Exista constancia documental sobre a súa realización mediante factura ou documento contable de valor probatorio equivalente, de modo que poidan ser verificables.
6. Estean relacionados de maneira indubitada coa actividade a desenvolver e sexan necesarios para o desenvolvemento das operacións seleccionadas.
7. Estean efectuados durante o período de execución da operación que en ningún caso puido ser iniciada antes del 1 de xaneiro de 2014.
8. Que os pagos correspondentes foran efectivos dende o 1 de xaneiro de 2014 ao 31 de decembro de 2022. Non obstante, as operacións non deben concluír antes da data da resolución de concesión de axudas. En todo caso, as operacións non deberán concluír antes da data de presentación da solicitude por parte do beneficiario.

## 9. OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS EN MATERIA DE COMUNICACIÓN

En cumprimento do establecido no art. 9 da Orde HAP/2427/2015, de 13 de novembro, pola que se aproban as bases e a primeira convocatoria para a selección de estratexias de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado que serán cofinanciadas mediante o Programa Operativo FEDER de Crecemento Sostible 2014-2020, para que os gastos das operacións propostas sexan considerados elixibles, deberán cumprir os seguintes requisitos:

1. Sexan conformes coa normativa local, autonómica, nacional e comunitaria aplicables, e en concreto, coa Orde HFP/1979/2016, do 29 de decembro, pola que se aproban as normas sobre os gastos subvencionables dos programas operativos do FEDER para o período 2014-2020.
2. Sexan reais e aboados con cargo á operación cofinanciada.
3. Foran realizados para o desenvolvemento das operacións aprobadas nas Liñas de Actuación para as que se concederan as axudas.
4. Sexan adecuados aos obxectivos e prioridades definidos na presente convocatoria.
5. Exista constancia documental sobre a súa realización mediante factura ou documento contable de valor probatorio equivalente, de modo que poidan ser verificables.
6. Estean relacionados de maneira indubitada coa actividade a desenvolver e sexan necesarios para o desenvolvemento das operacións seleccionadas.
7. Estean efectuados durante o período de execución da operación que en ningún caso puido ser iniciada antes del 1 de xaneiro de 2014.





8. Que os pagos correspondentes foran efectivos dende o 1 de xaneiro de 2014 ao 31 de decembro de 2022. Non obstante, as operacións non deben concluír antes da data da resolución de concesión de axudas. En todo caso, as operacións non deberán concluír antes da data de presentación da solicitude por parte do beneficiario.

## 10. MODELO DE EXPRESIÓN DE INTERESE

---

O modelo de Expresión de interese pode descargarse na páxina web do proxecto (<http://aess2020.gal/>), e terá que ser cuberto pola Unidade Executora ao solicitar financiamento.

## 11. MANUAL DE SELECCIÓN DE OPERACIÓNS

---

O manual que regula o procedemento de selección de operacións pode descargarse para consulta na páxina web do proxecto (<http://aess2020.gal/>).

En A Estrada, 11 de outubro de 2017

RESPONSABLE UNIDADE DE XESTIÓN CON CAPACIDADE PARA DICTAR RESOLUCIÓNS  
ADMINISTRATIVAS

---



José Carlos López Campos

